

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 1.280-322

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto, para a contratación do servizo de apoio técnico á oficina municipal de voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado.

Segundo.- O 10 de outubro de 2022 publicouse no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións aos pregos o 11 de outubro de 2022, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (*"As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través do Rexistro xeral, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas"*).

Cuarto.- Con data do 19 de outubro de 2022 a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitiron informe en relación coas aclaracións solicitadas.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación a aclaración solicitada e a súa resposta, de conformidade co informado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local:

- Pregunta:

"El CPV que se demanda en la presente licitación es el 98133100-5 Servicios para o melloramento cívico e de apoio aos servizos para a comunidade. En el caso del Lote 2, teniendo en cuenta que su objeto es la formación ¿se podría justificar la solvencia con CPVs relacionados con actividades de formación, como por ejemplo el 80500000-9?"

- Resposta:

"[...] A tenor do disposto na normativa sectorial, resultan esixidas por lei como funcións e obrigas a cargo das entidades de acción voluntaria as establecidas no artigo 11 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia: "m) Garantir a información, orientación, formación e asesoramento adecuado das persoas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 17:06	Páxina 1 de 4
1280-322	CSV: ACA1B3-362DAA-52242D-TRLL32-B6TKQL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

voluntarias que colaboren coas entidades para conseguir a maior eficacia na súa actividade, así como dotalas dos medios necesarios".

Asemade, o artigo 10.1 d) da Lei 45/2015 de 14 de outubro, de Voluntariado, contempla como dereitos dos voluntarios: "1. Los voluntarios tienen los siguientes derechos: (...) b) Recibir en todo momento, a cargo de la entidad de voluntariado, y adaptada a sus condiciones personales, la formación necesaria para el correcto desarrollo de las actividades que se les asignen."

En relación co anterior, tamén o artigo 7.d) da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, dispón que, as persoas voluntarias teñen dereito a recibir das entidades de acción voluntaria que desenvolven a acción voluntaria na que se integren, a información, formación, asesoramento e apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e cometidos que se lles asignen.

Por último, no artigo 13.2.i) desta última norma se establece como contido mínimo do compromiso de colaboración no que se formaliza o acordo entre a persoa voluntaria e a entidade na que se integra, a formación necesaria para o desenvolvemento de programas, proxectos ou actividades específicas.

*De acordo co anterior, as tarefas **obxecto** do presente **procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á oficina municipal de voluntariado e formación de persoas e entidades de voluntariado** están dirixidas especificamente á prestación do referido apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado, inscrita co n.º L-63 no Rexistro de entidades de acción voluntaria da Xunta de Galicia, para poder satisfacer as **necesidades** definidas polo órgano de contratación a fin de ofertar a información necesaria a aquelas persoas interesadas nas actividades de acción voluntaria, divulgando e dando publicidade ás actividades e necesidades das entidades de acción voluntaria e fomentar a coordinación entre estas, dentro das competencias municipais recollidas no artigo 23 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.*

*Nestes termos resulta definido - na cláusula 1 do PPT e do apartado 2 das FEC do PCAP - o **obxecto do contrato** como a prestación de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado na atención a persoas voluntarias e a entidades sociais vinculadas ao ámbito do voluntariado da cidade de Vigo, así coma na organización e xestión de eventos sociais, culturais e deportivos; e na impartición de formación ás persoas voluntarias e a entidades de voluntariado.*

*No obxecto do contrato resultan claramente reflectidos os termos esixidos na lexislación sectorial de voluntariado a fin de poder garantir a información, orientación, formación e asesoramento adecuado das persoas voluntarias, de xeito que **entidades que especificamente se dediquen ao eido da acción voluntaria poidan satisfacer as necesidades establecidas no PCAP, o que non resulta garantido por calquera outra entidade de formación que conorra a CPVs coma o referido 80500000-9 adicado a Servizos de formación.***

Xa que logo, resultaría xustificada a solvencia esixida tanto no Lote I coma no Lote II no CPV 98133100-5 Servizos para o melloramento cívico e de apoio aos servizos para a comunidade, por canto reflicte tanto o obxecto coma as necesidades definidas polo órgano de contratación nas condicións de prestación do servizo - cláusula 2 do PPT -, cando esixe as liñas de actuación e obxectivos nas que as entidades adxudicatarias deben centrar a súa labor, de xeito que deben proporcionar a formación específica necesaria para calquera persoa que se incorpore á Oficina Municipal de Voluntariado, relacionada co ámbito ou a actividade concreta que se vai realizar, entendendo a formación coma un proceso dinámico, personalizado e progresivo, como acción integradora, atendendo a técnicas e contidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 17:06	Páxina 2 de 4
1280-322	CSV: ACA1B3-362DAA-52242D-TRLL32-B6TKQL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 1.280-322

especialmente participativos; e dar a formación complementaria para aquelas persoas voluntarias que desenvolvan a súa tarefa con colectivos que requiran un trato máis individualizado e específico.

A elaboración do plan anual de formación debe realizarse con base a unha análise das necesidades formativas, respecto do voluntariado das entidades e das diferentes actividades e proxectos que desde a Oficina Municipal de Voluntariado se organice, co obxecto de garantir que se ofrezca unha formación axustada ás necesidades reais das persoas voluntarias a nivel básico e especializado, así coma na organización das actividades de formación complementaria, na selección das persoas participantes en cada unha das accións formativas, no cumprimento dos requisitos de docencia e calidade establecidos na proposta, nas tarefas de informar e orientar ás persoas interesadas na formación programada e no Seguimento e control da calidade para avaliar os resultados e o grao de satisfacción acadados en cada un dos cursos.

Tales obxectivos xustifican a solvencia esixida no CPV 98133100-5 Servizos para o melloramento cívico e de apoio aos servizos para a comunidade en ambos lotes.

O que se informa aos efectos oportunos, concluíndo que de conformidade co anteriormente exposto e logo da análise da normativa de aplicación, non se poden ter en conta outros CPVs distintos dos contemplados no PCAP, non podendo abrir o contrato a todo tipo de entidades de formación, por canto non se poderían garantir o obxecto e necesidades do contrato, nin as condicións da prestación do servizo esixidas, a fin de garantir os dereitos dos voluntarios para recibir a formación necesaria para o correcto desenvolvemento de programas, proxectos ou actividades específicas que se lles asignen”.

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

VI.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, propónse á concelleira delegada de Contratación a adopción da seguinte resolución:

- **"Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á oficina municipal de voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322).**
- **Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 17:06	Páxina 3 de 4
1280-322	CSV: ACA1B3-362DAA-52242D-TRLL32-B6TKQL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A técnica de Administración Xeral (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A CONCELEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN (Acordo de delegación competencial de data 20 de xuño de 2019).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, A SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 17:06	Páxina 4 de 4
1280-322	CSV: ACA1B3-362DAA-52242D-TRLL32-B6TKQL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		